


OS ESCRITORES LUCENSES ARREDOR DE FOLE



OS ESCRITORES LUCENSES ARREDOR DE FOLE

Edición de 1.000 exemplares de
"OS ESCRITORES LUCENSES ARREDOR DE FOLE",
dirixida por Xulio Xiz,
coa que o Excmo. Concello de Lugo
rinde homenaxe á memoria de
DON ANXEL FOLE SANCHEZ,
o grande escritor, fillo predilecto
da cidade,
e galego bon e xeneroso.

Exemplar n.º 0072

Portada:

"Anxel Fole, de costas"
(Foto Vega, 1972)

I.S.B.N. 84-398-7516-9

D.L. LU-1.152-86

IMPRESA BREOGAN-LUGO

Edición do
EXCMO. CONCELLO DE LUGO

Oda para Anxel Fole

*Ourive da palabra anterga recollida
na fraga do Caurel ou nos verdecentes
recantos da Veiguiña. Testemuño
de medos tremebundos do alén
que, na noite inverniza, "a lus do candil",
mistúranse coas sombras estarrecedoras
da cocíña terrea.*

*Ilustre bardo que escribiches
a epopeia inmortal dunha "terra brava"
na que se xunguen en simbiose ancestral
arrepientes oubeos que entalan o peito,
o ruxir da arroiada treboenta,
o abafante caldo do mes da sega
e o ricaz agromar da fartureta primavera.*

*Intérprete varil da voz dun pobo
nobre e sinxelo, merecente
do teu verbo xenial!*

*Lucencio, Eginardo de Tor, Magister Gaudiosus,
Basiliense, Farruco de Caldas, Vicense,
Lucus, Don Fabulón...*

*Qué ventureira restrá de nomes lucídios
pólas vizosas de lanzal carballo
no "alter ego" de Fole,
arqueólogo da lingua, señor de Basille,
de Romeán e de Córneas, de Quiroga e de Arcos!*

*Inspirado poeta de harmonias musicais
que deitan do máis íntimo
do teu ser xeneroso e puro
como as augas da verde serra.*

*Enxebre narrador de "historias que ninguén cré"
adubiadas no cruxol do misterio,
e de "contos da néboa" da Galicia eterna
que levas crabuñada no teu peito nobre!*

*Anxel Fole dador de vida, alma e sangue
a tres xeneracións que viven
no "cartafolio de Lugo".
Sigue, mestre, a falarnos de etimoloxías,
do primeiro cinema, do Papaovos,
do aviador Garnier, de Xan de Forcados,
do primeiro teléfono,
dos poemas de "Yunque"
e non esquezas, sí, señor, o "pauto do demo"
que, xa sabes, na nosa Terra ó demo,
polo sí ou polo non,
hai que prenderlle o cabo dunha vela!*

Manuel Rodríguez López